

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

12896 *Real decreto 1073/2015, do 27 de novembro, polo que se modifican distintas disposicións nos reais decretos de retribución de redes eléctricas.*

I

A experiencia acumulada durante o primeiro ano e medio de vixencia do Real decreto 1047/2013, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de transporte de enerxía eléctrica, e do Real decreto 1048/2013, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica, xunto cos traballos de elaboración dos proxectos de ordes de valores unitarios de investimento e de operación e mantemento para o cálculo da retribución das empresas titulares de instalacións de transporte e distribución, e da planificación eléctrica, permitiron identificar determinados aspectos dos referidos reais decretos que resulta oportuno modificar con carácter previo ao establecemento do réxime retributivo definitivo destas actividades. Mediante o presente real decreto procédese a tales modificacións.

II

O nivel de interconexión eléctrica de España cos países da súa contorna é dos máis baixos da Unión Europea. En marzo do ano 2002 incluíuse, por primeira vez, o obxectivo mínimo de interconexión dos Estados membros do 10 por cento da súa capacidade de produción.

O sistema ibérico (sistema peninsular España-Portugal) ten neste momento unha interconexión con Francia de apenas 1400 MW, o 1,4 por cento, que será incrementado ata o 2,7 por cento durante este ano 2015 coa finalización da interconexión Santa Llogaia-Baixas.

O pasado mes de outubro de 2014, o Consello Europeo aprobou o Marco político enerxía-clima para 2030, en que se inclúe o compromiso de acadar o obxectivo do 10 por cento de interconexión de electricidade para España e Portugal, co obxecto de alcanzar un mercado interior da enerxía que funcione perfectamente e estea plenamente interconectado.

Co fin de posibilitar un incremento significativo de investimentos en interconexións en liña co obxectivo do Consello Europeo, procédese a unha modificación do Real decreto 1047/2013, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de transporte de enerxía eléctrica, de maneira que o investimento neste tipo de instalacións non compute para os efectos dos límites de investimento previstos nel.

Do mesmo modo, coa finalidade de clarificar aqueles investimentos na rede de transporte que se poden levar a cabo con cargo a terceiros, precísase que o volume máximo de investimento previsto en planificación se calculará exceptuando dela estas instalacións. Así, adáptase a formulación de maneira que non computen no límite de investimento planificado nin os investimentos en interconexións internacionais, nin as axudas, nin os investimentos financiados ou cedidos por terceiros.

Así mesmo, considérase adecuado reducir o prazo que se poida dar entre a obtención da resolución que outorga o carácter singular a unha instalación e o da obtención dunha autorización administrativa.

Corríxese un erro detectado na formulación da vida residual das instalacións postas en servizo con anterioridade ao ano 1998 e posibilitábase que, no segundo período regulatorio, para aqueles titulares de instalacións de transporte que realicen investimentos en

renovación e mellora sobre as instalacións postas en servizo con anterioridade a 1998, se amplíe a vida residual das ditas instalacións sempre que non superen os límites de investimento establecidos no Real decreto 1047/2013, do 27 de decembro.

Finalmente, precísase que valor se tomará para o cálculo do valor de investimento de instalacións postas en servizo antes de 1998 e habilitase un procedemento para modificar a proporción da retribución por investimento e por operación e mantemento para os efectos do cálculo de valor de investimento con dereito a retribución a cargo do sistema dos activos postos en servizo con anterioridade a 1998.

III

Froito da experiencia do primeiro ano de aprobación dos plans de investimento das empresas distribuidoras de enerxía eléctrica, considérase oportuno outorgar un carácter anual aos plans de investimento das empresas distribuidoras de enerxía eléctrica con menos de 100.000 clientes conectados ás súas redes.

Ben que na súa dicción orixinal o Real decreto 1048/2013, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica, co fin de tratar de reducir as cargas ás pequenas empresas de distribución, dispuxo que as ditas empresas presentarían plurianualmente os plans de investimento, a necesidade de adaptar os investimentos previstos polas empresas á evolución das necesidades da demanda e da xeración fai que resulte máis apropiado que os plans de investimento teñan un carácter anual. Deste modo conséguese unha maior adaptación ás necesidades da xeración e da demanda e limita o risco das empresas distribuidoras ao ter que realizar un plan para un horizonte temporal máis próximo.

Non obstante, esta disposición será de aplicación para os plans que se executen a partir de 2017, e xa que logo estas empresas distribuidoras deberán cumprir cos requisitos do plan de investimentos xa aprobado para o bienio 2015-2016.

Tras a remisión por parte das empresas dos inventarios físicos de instalacións e de ter realizada unha análise exhaustiva destes, detectáronse grandes carencias. Este feito, que non se podía prever no momento de elaboración do real decreto, motivou que, con carácter excepcional, para o cálculo da retribución base se habilite un segundo período de emenda de erros.

Se durante o prazo recollido no parágrafo anterior se iniciase o primeiro período regulatorio, as empresas distribuidoras que se encontren no punto anterior devindicarán como retribución á conta, ata que se poida calcular a retribución, o trinta por cento da retribución do ano previo ao de inicio do primeiro período regulatorio.

IV

Por outra parte, a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, establece que as revisións de calquera valor monetario non poderán ser obxecto de modificación periódica en función dun réxime baseado en que os valores monetarios non sexan modificados en virtude de índices de prezos ou fórmulas que o conteñan. Como consecuencia do anterior, suprimense os artigos que establecen a actualización anual dos valores unitarios tanto no Real decreto 1047/2013, do 26 de decembro, coma no Real decreto 1048/2013, do 26 de decembro, que ligaban a actualización destes aos valores do índice de prezos de consumo e do índice de prezos industriais de bens de equipamento.

V

Así mesmo, engádese unha nova disposición adicional no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, para introducir determinadas particularidades territoriais relativas á referencia catastral, aplicables ás instalacións situadas en Navarra e no País Vasco, dado que a codificación dos sistemas catastrais destes territorios históricos é diferente do sistema xeral do resto do Estado.

VI

Finalmente, concrétase o prazo para a remisión anual ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo da información sobre calidade de servizo a que se refire o artigo 108 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica. Desta maneira, poderase dispoñer da dita información coa antelación suficiente para ser tida en conta no cálculo da retribución do incentivo ou penalización á calidade de servizo que, de conformidade co establecido no artigo 10 do Real decreto 1048/2013, do 27 de decembro, deberá incluír a proposta de retribución da actividade de distribución que debe remitir a CNMC ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo antes do 1 de outubro de cada ano.

De acordo co establecido no artigo 5.2 a) da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, o disposto no presente real decreto recibiu o informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Así mesmo, realizouse trámite de audiencia mediante a publicación de anuncio no *Boletín Oficial del Estado*.

Deste texto foi informada a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos con data do 25 de novembro de 2015.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de novembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 1047/2013, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de transporte de enerxía eléctrica.*

O Real decreto 1047/2013, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de transporte de enerxía eléctrica, queda modificado como segue.

Un. Modifícase a redacción do artigo 11, que queda redactado como segue:

«Artigo 11. *Plans de investimento e autorización do volume de investimento.*

1. O volume anual de investimento da rede de transporte de enerxía eléctrica posto en servizo o ano n con dereito a retribución a cargo do sistema o ano n+2 non poderá superar o 0,065 por cento do produto interior bruto de España previsto polo Ministerio de Economía e Competitividade para o ano n. Esta contía denominarase valor máximo do volume anual de investimento suxeito a limitación de cantidade.

No volume anual de investimento suxeito á limitación de cantidade sinalada no parágrafo anterior do presente artigo non se computará o volume de investimento motivado por interconexións internacionais con países do mercado interior nos termos previstos no punto 11 do presente artigo, ben que estas actuacións terán dereito a retribución nos termos previstos no presente real decreto.

No caso de que se produzan feitos, ou causas económicas ou técnicas, imprevistos no momento de aprobación da planificación ou dos seus programas anuais, o valor máximo do volume de investimento suxeito a limitación de cantidade poderá ser modificado á alza ou á baixa por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. Para estes efectos terán tal consideración:

- a) Crecementos anuais da demanda durante máis de tres anos consecutivos superiores nun cen por cento ao previsto na planificación do sistema.
- b) Crecementos da demanda durante máis de dous anos consecutivos inferiores nun 50 por cento aos previstos na planificación do sistema.

c) Crecementos elevados no prezo do mercado imputables a restricións ocasionadas pola rede de transporte.

d) Crecementos no produto interior bruto durante máis de dous anos consecutivos superiores ou inferiores nun cincuenta por cento aos previstos polo Ministerio de Economía e Competitividade.

e) Reforzos ou novas instalacións da rede de transporte nacional co obxectivo de aumentar a utilización das interconexións internacionais vinculadas a un aumento da capacidade de interconexión internacional non prevista no momento de aprobación da planificación da rede de transporte.

f) Novas subministracións cuxa alimentación por motivos técnicos unicamente se poida realizar desde a rede de transporte e esta non se poida realizar baixo a planificación da rede de transporte vixente.

2. O valor do volume anual de investimento previsto suxeito a limitación de cantidade con dereito a retribución a cargo do sistema o ano $n+2$ derivado das instalacións que se prevé poñer en servizo o ano n recollido no plan de investimento da empresa transportista para o dito ano n non poderá superar o produto entre o volume máximo sectorial recollido no punto anterior e no coeficiente resultante entre a división da retribución aprobada para o ano $n-1$ da empresa i e a da totalidade das empresas titulares de instalacións de transporte. Esta contía denominarase VPI_n^i .

Se se producen compras e vendas de activos entre empresas titulares de instalacións de transporte no ano n , non se computarán dentro das limitacións ao valor máximo do volume de investimento suxeito a limitación de cantidade con dereito a retribución a cargo do sistema da empresa i o ano n as compras de activos de transporte pertencentes a outra empresa k efectuados no dito ano n se estes xa estaban sendo retribuídos polo sistema.

Así mesmo, se se produce unha compra de activos por parte dunha empresa i a outra empresa k , no ano $n-1$, esta terase en conta para os efectos do valor máximo do volume de investimento suxeito a limitación de cantidade con dereito a retribución a cargo do sistema de cada unha das empresas que deberán tomar como límite no plan de investimentos que ambas as empresas presenten no ano posterior ao de compra. A dita compra tamén se deberá considerar no procedemento de control de execución dos plans de investimento finalmente executados por ambas as empresas no ano da adquisición de activos.

3. O valor máximo do volume de investimento suxeito a limitación de cantidade con dereito a retribución a cargo do sistema poderase superar e ser retribuído con cargo a este no caso de que nunha soa das actuacións incluídas no plan de investimento, a previsión do valor do activo obxecto de retribución a cargo do sistema valorada segundo os criterios establecidos no punto 11 do presente artigo, por si mesma supoña unha contía superior ao 25 por cento do límite de investimento establecido para a dita empresa. En ningún caso se poderá superar este límite en máis dun 50 por cento. Para os efectos do presente artigo considerarase como actuación individual cada unha das recollidas na planificación vixente e non poderán aglutinarse varias delas nunha soa co fin de superar o limiar de investimento anual máximo establecido.

4. Para os efectos da determinación da súa retribución, de conformidade co establecido no artigo 34.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, os titulares de redes de transporte de enerxía eléctrica, antes do 1 de maio do ano $n-1$, deberán solicitar á Secretaría de Estado de Enerxía a aprobación dos seus plans de investimento anuais correspondentes ao ano n e os plurianuais correspondentes ao período de tres anos comprendido entre o ano n e $n+2$. Estes plans de investimento deberán ir acompañados dunha solicitude á Secretaría de Estado en que se solicite a súa aprobación e dunha valoración do volume de investimento previsto de acordo coa formulación recollida no punto 11 do presente artigo. Para tal efecto, as empresas titulares das redes de transporte de enerxía eléctrica remitirán, xunto coa solicitude sinalada no parágrafo anterior, os plans en formato electrónico, en que figurarán ao

menos os datos dos proxectos claramente identificados coas actuacións recollidas na planificación, as súas principais características técnicas, os parámetros necesarios para o cálculo da súa retribución, os orzamentos e o calendario de execución. Estes plans de investimento tamén deberán ser remitidos á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Así mesmo, as empresas titulares de redes de transporte deberán presentar ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla afectadas o plan de investimentos respecto das actuacións previstas no seu territorio cuxa autorización sexa da súa competencia.

En todo caso, as actuacións incluídas nos plans de investimento anuais e plurianuais deberán:

- a) Estar recollidas na planificación da rede de transporte.
- b) Ter unha valoración económica individualizada.
- c) Contar cunha mención no plan de investimentos que diga se se encontran ou non suxeitas a limitación de cantidade sinalada no punto 1 do presente artigo.

5. No caso de que os plans de investimento inclúan algún proxecto de instalación catalogada como singular, deberase achegar ademais xustificación técnica e económica da necesidade de levar a cabo ese proxecto.

6. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá á Secretaría de Estado de Enerxía antes do 15 de xullo do ano n-1 un informe cunha análise para o conxunto do sector e para cada unha das empresas dos plans de investimento presentados. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no seu informe recollerá para cada unha das empresas e para o conxunto do sector unha proposta do volume de investimento con dereito a retribución a cargo do sistema para o ano n+2 que deriva dos plans presentados polas empresas polas instalacións que prevén poñer en servizo o ano n, así como do volume máximo de investimento con dereito a retribución a cargo do sistema.

Se é o caso, as comunidades autónomas ou as cidades de Ceuta e Melilla correspondentes remitiranlle á Secretaría de Estado antes do 15 de xullo do ano n-1 un informe sobre as instalacións que discorran polo seu territorio e cuxa autorización sexa da súa competencia recollidas nos plans de investimentos presentados.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia notificará de maneira individualizada a cada unha das empresas o resultado da análise dos seus plans de investimento.

7. A Secretaría de Estado de Enerxía resolverá e notificará ás empresas afectadas antes do 1 de outubro do ano n-1. A resolución de aprobación dos ditos plans deberá conter a contía máxima do volume de investimento con dereito a retribución a cargo do sistema que se vaia executar o ano n, ligado á retribución que poderá ser recoñecida á empresa o ano n+2.

En ningún caso, excepción feita dos supostos previstos no artigo 11.3, se poderá realizar unha aprobación dun plan de investimentos que supere o valor máximo do volume máximo de investimento suxeito a limitación de cantidade con dereito a retribución a cargo do sistema da empresa i.

8. Se a resolución recollida no punto anterior non fose aprobatoria ou recollese observacións ou impuxese modificacións nos plans propostos, as empresas deberán remitir á Secretaría de Estado de Enerxía e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, antes do 1 de novembro do dito ano n-1, os plans de investimento definitivos axustados ao volume recollido na resolución da Secretaría de Estado de Enerxía sinalada no punto anterior. Esta remisión dos novos plans irá acompañada dunha nova solicitude de aprobación á Secretaría de Estado de Enerxía e sinalará motivadamente que se cumpre cos requisitos exixidos e dunha nova valoración do volume de investimento previsto nos termos recollidos no presente artigo.

Así mesmo, as empresas titulares de redes de transporte deberán presentar o plan de investimentos ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla

afectadas respecto das actuacións previstas no seu territorio cuxa autorización sexa da súa competencia.

Se é o caso, as comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla correspondentes remitirán á Secretaría de Estado antes do 15 de novembro do ano n-1 un informe sobre as instalacións que discorran polo seu territorio e cuxa autorización sexa da súa competencia recollidas nos plans de investimentos presentados.

Así mesmo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá informe á Secretaría de Estado de Enerxía sobre os plans de investimento nos mesmos prazos.

9. Antes do 1 de decembro do dito ano, a Secretaría de Estado de Enerxía resolverá sobre a nova solicitude. Se esta resultase de novo desfavorable, o valor máximo do volume de investimento suxeito a limitación de cantidade que vaia executar o ano n, ligado á retribución que poderá ser recoñecida á empresa o ano n+2 non poderá superar, en ningún caso, o 85 por cento do valor máximo do volume de investimento suxeito a limitación de cantidade que deriva da aplicación dos puntos un e dous do presente artigo.

En ningún caso, excepción feita dos supostos previstos no artigo 11.3, se poderá realizar unha aprobación dun plan de investimentos que supere o valor máximo do volume de investimento con dereito a retribución a cargo do sistema da empresa i.

10. De non se emitir calquera dos informes solicitados nos prazos sinalados nos puntos anteriores, poderanse proseguir as actuacións de acordo co disposto no artigo 83 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

11. A valoración do valor do volume anual de investimento previsto suxeito a limitación de cantidade que se presentará nos plans de investimento con dereito a retribución a cargo do sistema o ano n+2 que a empresa i prevé poñer en servizo o ano n, VPI_n^i , realizarase de acordo coa seguinte formulación:

$$VPI_n^i = \left(\sum_{\forall j \text{ non sing de } i} VI_n^{j, \text{valores unitarios}} + \sum_{\forall j \text{ sing de } i} VI_n^{j, \text{sing-prox}} + \sum_{\forall j \text{ esp de } i} VI_n^{j, \text{esp}} - \sum_{\forall j \text{ de } i} CyF - AY_n^i - \sum_{\forall j \text{ de } i} Int_n^j \right) \cdot FRRI_n^i$$

onde:

a) Para a avaliación do valor do volume de investimento das instalacións non singulares, $\sum_{\forall j \text{ non sing de } i} VI_n^{j, \text{valores unitarios}}$ empregaranse os valores unitarios de referencia de investimento a que se fai referencia no capítulo V.

b) Para a avaliación do valor do volume de investimento das instalacións singulares, $\sum_{\forall j \text{ sing de } i} VI_n^{j, \text{sing-prox}}$, valoraranse coas cantidades recollidas no proxecto de execución.

c) Descontaranse do valor do volume de investimento total as cesións e os investimentos financiados por terceiros que se prevexa percibir $\sum_{\forall j \text{ de } i} CyF$.

d) Para as instalacións que proveñan de situacións especiais recollidas nos artigos 17 e 18 consideraranse os valores dos volumes de investimento $\sum_{\forall j \text{ esp de } i} VI_n^{j, \text{esp}}$ e as datas de obtención da autorización de explotación recollidas nos artigos 17.4 e 18.3 respectivamente.

e) AY_n^i Valor das axudas públicas percibidas pola empresa i. No caso de que estas axudas públicas proveñan de organismos da Unión Europea, este valor será o 90 por cento do importe percibido.

f) $FRRI_n^i$ Factor de retardamento retributivo do investimento. Este parámetro calcularase de acordo coa formulación recollida no artigo 10 supoñendo un retardamento na devindicación e cobramento desde a obtención da autorización de explotación dun ano e medio.

g) $\sum_{\forall j \text{ de } i} Int_n^j$ É a suma do valor do interconexións de investimento das interconexións internacionais j con países do mercado interior que a empresa i

prevé poñer en servizo o ano n. Para o cálculo deste termo asociado a cada unha das actuacións de interconexión internacional con países do mercado interior, deberán descontar:

– O valor do volume de investimento financiado e cedido por terceiros recollido no parágrafo c) do presente punto que sexa debido a interconexións internacionais con países do mercado interior.

– O valor do volume de axudas internacionais recollido no parágrafo e) do presente punto que sexa debido a interconexións internacionais con países do mercado interior.

Para os efectos establecidos no presente artigo terán consideración de investimento en interconexión internacional a propia liña de interconexión, a subestación a que se conecte e, se é o caso, a estación conversora.»

Dous. Modifícase a redacción do artigo 12, que queda redactado como segue:

«Artigo 12. *Control de execución dos plans de investimento.*

1. Anualmente as empresas titulares de instalacións de transporte presentarán ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, antes do 1 de xuño do ano n-1, un informe en que se acredite o grao de cumprimento do plan de investimento executado o ano n-2.

No dito informe deberán motivar as causas que provocaron que aquelas instalacións incluídas nos plans de investimento presentados nos anos anteriores non se puxesen en servizo ou nas cales se estea incorrendo en atrasos significativos respecto dos prazos previstos así como o risco que isto supón para a seguridade de subministración e as incidencias que poidan ter sobre outros axentes.

Así mesmo, nos ditos informes deberán constar aquelas que non estando previstas nos plans de investimento se levasen a cabo logo de autorización da Secretaría de Estado de Enerxía, e deberán motivar as razóns polas que se executaron os ditos investimentos. En todo caso, estes investimentos deberán estar recollidos na planificación da rede de transporte vixente no momento de inicio da tramitación, construción e obtención da autorización de explotación da instalación.

Para a avaliación do valor do volume de investimento con dereito a retribución a cargo do sistema finalmente executado empregárase a formulación sinalada no artigo 10.

2. Co fin de incentivar o cumprimento dos plans de investimento, aquelas empresas que, durante tres anos consecutivos, desde o ano n-4 ao ano n-2, teñan un valor do volume de investimento suxeito a limitación de cantidade con dereito a retribución a cargo do sistema inferior nun 25 por cento ao aprobado para eses anos pola Secretaría de Estado de Enerxía nos plans de investimento das ditas empresas, verán minorada, nos tres anos seguintes, do ano n ao n+2, a contía máxima que se establece como límite do valor máximo do volume de investimento suxeito a limitación de cantidade con dereito a retribución a cargo do sistema a que fai referencia o artigo 11.2 nun 10 por cento.

O disposto nos parágrafos anteriores non será de aplicación se o motivo polo que se obtivo un menor valor do volume de investimento suxeito a limitación de cantidade con dereito a retribución a cargo do sistema se debe á percepción dun volume de axudas públicas ou de instalacións financiadas ou cedidas por terceiros superiores aos previstos ou se é debido a que se executaron os investimentos previstos a un valor de investimento real auditado inferior á valoración realizada empregando valores unitarios de referencia.

No caso de que unha empresa i supere o valor máximo do volume de investimento suxeito a limitación de cantidade con dereito a retribución a cargo do sistema o ano n establecido na resolución de aprobación dos plans de investimento da Secretaría de Estado de Enerxía sinalada nos artigos 11.7 e 11.9 debido aos

elementos postos en servizo o ano n-2 e non cumpra os requisitos previstos no artigo 11.3:

a) Se é nunha cantidade superior ao cento por cento e inferior ao 15 por cento e o ano previo non se superase a cantidade aprobada para ese ano, o valor máximo do volume de investimento suxeito a limitación de cantidade que se establece como límite máximo de investimento a que se fai referencia no artigo 11.2 verase minorado nun cinco por cento para o ano n.

b) Se é nunha cantidade superior ao 5 por cento e inferior ao 15 por cento durante dous ou máis anos consecutivos, o valor máximo do volume de investimento suxeito a limitación de cantidade a que se fai referencia no artigo 11.2 verase minorado na mesma cantidade o ano n.

c) Se se superase o valor do volume aprobado nunha contía igual ou superior ao 15 por cento e menor ao 25 por cento, a devindicación de todas as retribucións do dito exceso posto en servizo o ano n-2 verase minorada nun 25 por cento durante o ano n. Así mesmo, o valor máximo do volume de investimento suxeito a limitación de cantidade que establece como límite máximo de investimento suxeito a limitación de cantidade a que se fai referencia no punto 11.2 para o ano n verase minorado en 1,25 veces o exceso de volume.

d) Se se supera o valor do volume sinalado no parágrafo anterior nunha cantidade superior ao 25 por cento a devindicación de todas as retribucións do dito exceso posto en servizo o ano n-2 verase minorado nun 75 por cento durante o ano n. Así mesmo, o valor máximo do volume de investimento a que se fai referencia no artigo 11.2 para o ano n verase minorado en 1,25 veces o exceso de volume.

Tres. Modifícase a redacción do artigo 13 que queda redactado como segue:

«Artigo 13. *Adecuación do contido dos plans de investimento coa planificación da rede de transporte.*

1. Co fin de que a planificación da limitacións de transporte se adecue ás limitacións de cantidade previstas no artigo 11, a contía máxima do valor do volume de investimento recollido na planificación para cada un dos anos estará suxeito aos límites previstos no sinalado artigo 11, excepción feita dos supostos que no dito artigo se prevén.

Para tal efecto, o valor do volume de investimento previsto en planificación suxeito a limitación de cantidade calcularase de acordo coa formulación recollida no artigo 11.11 do presente real decreto.

O valor do volume de investimento previsto en planificación suxeito a limitación de cantidade poderá alcanzar para algúns anos ata 1,2 veces o límite máximo anual establecido no artigo 11 do presente real decreto para o dito ano, sempre que para o conxunto total de anos que abarque a planificación, o volume total de investimento suxeito a limitación de cantidade non supere a suma das limitacións de cada un dos anos para os cales se aprobe a dita planificación.

Non obstante, o valor do volume de investimento anual suxeito a limitación de cantidade con dereito a retribución a cargo do sistema incluído no plan de investimentos non poderá superar os límites anuais previstos no artigo 11.1 excepción feita dos supostos que no dito artigo se prevén.

2. Os programas anuais recollidos no capítulo II do título II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, deberán en todo caso adecuar as datas de autorización de explotación que figuren na planificación en vigor ás máis probables en función da mellor información dispoñible e dos límites de investimento establecidos en aplicación do presente capítulo III.

No caso en que resulte necesario dar prioridade á execución de instalacións para non superar o volume máximo de investimento obxecto de retribución previsto no artigo 11.1, os titulares da rede de transporte, na presentación dos seus plans de

investimento, deberán dar prioridade á execución das actuacións. Os criterios de priorización serán:

- a) Seguridade de subministración.
- b) Proxectos estratéxicos para o conxunto do Estado.
- c) Peticións firmes de novas subministracións e de apoios á rede de distribución.
- d) Actuacións relacionadas coa evacuación da xeración. Pola súa vez, dentro desta a priorización responderá aos seguintes criterios:

1.º Minimización de custos para o conxunto do sistema vinculados á construción da dita infraestrutura da rede de transporte e á produción de enerxía das plantas de xeración ás cales a posta en servizo da dita instalación de transporte permita o seu funcionamento.

2.º Data de obtención da autorización de explotación prevista na planificación.

3.º Grao de execución do proxecto de xeración.

3. No caso en que resulte necesario realizar unha priorización para non superar o valor máximo do volume de investimento anual suxeito a limitación de cantidade, esta deberá ser advertida polo transportista no documento de remisión dos plans de investimento á Secretaría de Estado de Enerxía e sobre ela emitirá informe o operador do sistema. Para tal efecto, a Secretaría de Estado de Enerxía remitirá copia dos ditos plans de investimento presentados polas empresas transportistas ao operador do sistema, co fin de que este emita informe sobre a dita priorización antes do 15 de xuño do ano n-1. »

Catro. Suprímese o artigo 16.

Cinco. Engádesse un novo punto, o 6, no artigo 17, coa seguinte redacción:

«6. Conforme o establecido no artigo 4.4 da Lei 24/2013, do 27 de decembro, mediante acordo do Consello de Ministros, poderanse incorporar á planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica instalacións incluídas no anexo de carácter non vinculante a que se fai referencia no artigo 4.4 da referida Lei 24/2013, do 26 de decembro, sempre que sexan financiadas e cedidas por terceiros. O promotor deberá asumir os custos de investimento tanto da actuación concreta como de todas aquelas instalacións e reforzos necesarios para cumprir coa normativa sectorial.

En todo caso, o acordo de Consello de Ministros recollerá expresamente que a execución das actuacións estará condicionada ao financiamento e cesión dun terceiro destas. Así mesmo, de acordo co establecido no punto anterior, o valor de investimento das instalacións susceptibles de retribución a cargo do sistema será nulo.»

Seis. Engádense dous novos parágrafos ao final do artigo 19.2 coa seguinte redacción:

«Cando transcorrese un período superior a un ano desde que se outorgou o carácter singular á instalación e se producen circunstancias ou feitos que alterasen as condicións baixo as cales se ditou a resolución de singularidade, o transportista poderá solicitar a modificación dos parámetros da dita resolución sempre que non se ditase aínda autorización administrativa da instalación.

Para tal efecto a empresa transportista remitirá solicitude motivada e achegará, se é o caso, unha nova estimación do valor de investimento con dereito a cargo do sistema e dos custos de operación e mantemento para a infraestrutura á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, a cal resolverá logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e con carácter previo á obtención de autorización administrativa. Se a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas non resolvese antes da obtención da autorización administrativa, a solicitude entenderase desestimada.»

Sete. *Modifícase o punto 1 da disposición transitoria segunda, que queda redactado como segue:*

«1. As instalacións postas en servizo con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1998 e que na data 31 de decembro do ano n-2, sendo n o ano de inicio do primeiro período regulatorio, aínda continúen en servizo consideraranse como unha única instalación j, de valor de investimento con dereito a retribución a cargo do sistema polo feito de estar en servizo o ano n-2 $VI^{j, pre-1998}$ e de vida residual media recoñecida $VR^{j, pre-1998}$ en 31 de decembro do ano n-2.

O valor $VI^{j, pre-1998}$ calcularase de acordo coa seguinte formulación:

$$VI^{j, pre-1998} = \frac{RI_{n-1}^i \cdot VU_{pre-1998}^i}{1 + (VR_{n-1}^{j, pre-1998} \cdot TRF_{n-1})}; \text{ onde:}$$

$VI^{j, pre-1998}$ Valor do investimento con dereito a retribución a cargo do sistema de todas as instalacións da empresa i postas en servizo con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1998 e que aínda se encontran en servizo en 31 de decembro do ano n-2.

RI_{n-1}^i Retribución ao investimento recoñecido á empresa transportista i o

ano anterior ao de inicio do primeiro período regulatorio. Este valor será o recollido no expediente da orde na cal se establecese a retribución do ano anterior ao de inicio do primeiro período regulatorio resultante da aplicación para as instalacións postas en servizo con anterioridade a 1998 do contido do anexo IV do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico.

$VU_{pre-1998}^i$ Vida útil regulatoria das instalacións postas en servizo antes do ano 1998 da empresa transportista i. Este parámetro tomará un valor de 40 anos.

TRF_{n-1} É a taxa de retribución financeira aplicada o ano n-1 para o cálculo da retribución das instalacións de transporte de enerxía eléctrica.

$VR_{n-1}^{j, pre-1998}$ Vida residual media en 31 de decembro do ano n-3 correspondente ás instalacións da empresa transportista i postas en servizo antes de 1998 e que aínda se encontran en servizo o ano n-3, sendo n o ano de inicio do primeiro período regulatorio. Esta expresión calcularase como:

$$VR_{n-1}^{j, pre-1998} = VR^{j, pre-1998} + 1; \text{ onde:}$$

$VR^{j, pre-1998}$ É a vida residual media recoñecida en 31 de decembro do ano n-2 das instalacións da empresa i postas en servizo con anterioridade a 1998 e que aínda se encontran en servizo no ano n-2, sendo n o ano de inicio do primeiro período regulatorio. Este valor calcularase de acordo coa seguinte expresión:

$$VR^{j, pre-1998} = VR_{OM_2n_Periodo}^{j, pre-1998} - (Ano^{n-2} - 2011) + \Delta VR_{pre-1998}^i; \text{ onde:}$$

$VR_{OM_2n_Periodo}^{j, pre-1998}$ Vida residual das instalacións postas en servizo antes do 1 de xaneiro de 1998 da empresa transportista i utilizada no cálculo da retribución do ano 2013 empregada na Orde IET/2442/2013, do 26 de decembro, pola que se establecen as retribucións do segundo período de 2013 para as actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica e se establecen outras medidas en relación coa retribución das actividades de transporte e distribución de anos anteriores, que recolle a vida residual media en 31 de decembro de 2011 das instalacións da empresa i postas en servizo con anterioridade a 1998 e que aínda se encontran en servizo no ano 2011.

Ano^{n-2} Valor no calendario do ano n-2, onde n é o ano de inicio do primeiro período regulatorio.

$\Delta VR_{n-2}^{i, pre-1998}$ Incremento da vida residual das instalacións postas en servizo antes

do 1 de xaneiro de 1998 por renovación e mellora calculado de acordo coa disposición transitoria terceira do presente real decreto.

Para o cálculo do valor neto de investimento das instalacións postas en servizo con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1998 e que na data do 31 de decembro do ano n-2 continúen en servizo aplicarase a formulación prevista no artigo 7.2 coa particularidade de que k tomará o valor que se expresa a continuación:

$k = VU^i - VR^{j, pre-1998} + 2$; onde:

VU^i e $VR^{j, pre-1998}$ son os termos xa sinalados.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 1048/2013, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica.*

O Real decreto 1048/2013, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica, queda modificado como segue:

Un. O penúltimo parágrafo do artigo 12.3 a) queda redactado como segue:

«En caso de que se cumpra que $\left(\frac{VI_{n-2}^{i, valores unitarios} - VI_{n-2}^{j, real}}{VI_{n-2}^{j, real}} \right) < -0,15$, deberase

achegar un informe técnico acompañado dunha declaración responsable da empresa distribuidora que xustifique os motivos técnicos e económicos polos que os custos incorridos son superiores aos valores unitarios de referencia polas súas especiais características e/ou problemáticas. Para actuacións de tensión superior a 36 kV a documentación anterior deberá ser substituída por unha auditoría técnica.»

Dous. Suprímese o punto 11 do artigo 16.

Tres. Suprímese o punto 4 do artigo 17.

Catro. Suprímese o artigo 20.

Cinco. O parágrafo segundo do artigo 25.1 queda redactado segue:

«A contía dos dereitos aplicables determinarase atendendo á tensión, ao carácter aéreo ou subterráneo da acometida e á potencia solicitada ou, se é o caso, pola potencia normalizada igual ou inmediatamente superior á solicitada e será remitida ao solicitante nos prazos establecidos no artigo 103 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, contado desde a presentación da solicitude. En ningún caso o distribuidor poderá percibir do solicitante contías en concepto dereitos de extensión por unha potencia superior á normalizada igual ou inmediatamente superior á solicitada, salvo petición expresa por parte do solicitante. Para os efectos previstos no presente parágrafo, unha acometida terá consideración de subterránea sempre que esta discorra soterrada en máis dun cincuenta por cento da súa lonxitude.»

Seis. O parágrafo primeiro do artigo 25.3 queda redactado como segue:

«3. Para os casos recollidos no punto 2 do presente artigo, unha vez efectuada a solicitude, o distribuidor deberá presentar ao solicitante e, no caso de habelo, tamén ao representante acreditado deste, nos prazos establecidos no artigo 103 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, un prego de condicións técnicas e un orzamento económico en documentos e envíos separados, que deberán contar coa seguinte desagregación:»

Sete. O último parágrafo do artigo 25.5 queda redactado como segue:

«O titular da instalación ou, se é o caso, o peticionario da subministración que custeese a instalación poderá exixir a subscripción dun convenio de resarcimento

fronte a terceiros, por unha vixencia mínima de dez anos, quedando a dita infraestrutura aberta ao uso de terceiros. Este período mínimo de dez anos poderá ser ampliado excepcionalmente polo órgano competente da Administración pública correspondente en casos debidamente xustificadas. Os referidos convenios deberán ser postos en coñecemento da Administración pública competente e xuntaranse, se é o caso, á documentación da solicitude de autorización administrativa de transmisión da instalación.»

Oito. O artigo 28.2 queda redactado como segue:

«2. No caso de que o usuario contrate unha potencia inferior á potencia vinculada aos dereitos de extensión vixentes no momento de solicitar o dito contrato, os dereitos de extensión manterán a súa vixencia por un período de tres anos para baixa tensión e de cinco anos para alta tensión.»

Nove. Engádense tres parágrafos ao punto 3 do artigo 31 coa redacción seguinte:

«Con carácter excepcional, o ano en que se realice o cálculo da retribución base, se para o cálculo da retribución base da empresa i non se dispuxese do inventario de instalacións no formato adecuado ou coa calidade requirida, e esta non atendese o requirimento recollido no parágrafo segundo do presente punto, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia realizará un segundo requirimento ao interesado para que, nun prazo de tres meses, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, verá calculada a súa retribución base de acordo co disposto nos parágrafos seguintes.

Sen prexuízo das sancións previstas no título X da Lei 24/2013, do 26 de decembro, se para o cálculo da retribución base da empresa distribuidora i non se dispón do inventario de instalacións no formato adecuado ou coa calidade requirida e a empresa distribuidora non atendese adecuadamente os requirimentos de emenda anteriormente sinalados, a empresa distribuidora i que se encontre nesta situación devindicará como retribución á conta, ata que se poida calcular a retribución o trinta por cento da retribución do ano previo ao de inicio do primeiro período regulatorio.

Se a situación se prolonga o seguinte ano, e durante os anos en que esta situación continúe, esta contía será a retribución anual percibida sen que caiba ningún tipo de actualización nin incorporación de retribución de novos investimentos ata que entreguen a información solicitada nos formatos adecuados e coa calidade requirida.»

Dez. Engádense un novo parágrafo ao final do artigo 32.4 coa redacción redacción:

«Sen prexuízo das sancións previstas no título X da Lei 24/2013, do 26 de decembro, se como consecuencia das ditas inspeccións se detectasen variacións que teñan unha influencia na retribución superior ao un por cento, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia propoñerá ao ministro de Industria, Enerxía e Turismo a revisión da retribución da empresa inspeccionada.»

Once. Engádense un parágrafo ao final do artigo 39.1, coa seguinte redacción:

«NIEPI_i^k é o valor no ano k do NIEPI da empresa distribuidora i, excepto aquel imputable a xeración, terceiros e forza maior.»

Disposición adicional única. *Valor de investimento con dereito a retribución de instalacións de transporte postas en servizo con anterioridade a 1998.*

As empresas titulares de instalacións de transporte poderán solicitar unha modificación do valor do termo RI_{n-1}^i que se empregará no cálculo do valor $VI_{j, pre-1998}^j$ da disposición transitoria segunda do Real decreto 1047/2013, do 27 de decembro. Para tal efecto, as empresas titulares de instalacións de transporte deberán presentar no prazo

de dous meses desde a aprobación do presente real decreto unha solicitude ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas na que achegue información auditada que xustifique a dita solicitude.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas resolverá logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Esta resolución non poñerá fin á vía administrativa e, en consecuencia, poderá ser obxecto de recurso de alzada ante a Secretaría de Estado de Enerxía, conforme o establecido nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición transitoria primeira. *Incremento da vida residual das instalacións de transporte que obtiveron autorización de explotación antes de 1998 por execución de plans de renovación e mellora executadas ata o 31 de decembro de 2018.*

1. Para o cálculo da retribución que percibirán as instalacións de transporte da empresa *i* que obtiveron autorización de explotación antes de 1998, o valor de vida residual poderá incrementarse no primeiro ano do segundo período regulatorio se se achega a documentación auditada que acredite que para estas instalacións se levaron a cabo investimentos en renovación e mellora. Os ditos investimentos en renovación e mellora sobre activos anteriores a 1998 deberán terse computado como investimentos no prazo que transcorre desde o 1 de xaneiro do ano 2015 ata o 31 de decembro de 2018.

O valor do incremento da vida residual como consecuencia dos investimentos en renovación e mellora sobre activos anteriores a 1998 computados como investimentos no período 2015-2018 denominarase $\Delta VR_{pre-1998}^{i, 2015-2018}$. Este parámetro terá un valor máximo de 5 anos e calcularase como o número enteiro máis próximo ao resultado das operacións recollidas na seguinte expresión:

$$\Delta VR_{pre-1998}^{i, 2015-2018} = \frac{IBR_{renovación_pre_1998}^{i, 2015-2018}}{IBR_{pre-1998}^i} \cdot VU_{pre-1998}^i \text{ onde}$$

$IBR_{renovación_pre_1998}^{i, 2015-2018}$ Valor de investimento en renovación e mellora de instalacións que obtiveron autorización de explotación con anterioridade a 1998 e que aínda continúen en servizo o 31 de decembro de 2018. Este investimento en renovación e mellora deberá ter sido computado durante o período transcorrido desde o 1 de xaneiro do ano 2015 ata o 31 de decembro de 2018.

En ningún caso a contía deste termo poderá superar a diferenza entre a suma dos máximos volumes de investimento posibles da empresa transportista *i* durante o período transcorrido entre os anos 2015 a 2018 e o volume de investimento auditado posto en servizo ao longo dos ditos anos derivado da execución dos plans de investimento aprobados.

$IBR_{pre-1998}^i$ É o inmovilizado bruto con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico no ano 2020 da empresa transportista *i* asociado a todas as instalacións que obtiveron autorización de explotación con anterioridade a 1998 que se encontran en servizo no ano 2018.

$VU_{pre-1998}^i$ Vida útil regulatoria das instalacións postas en servizo antes do ano 1998 da empresa transportista *i*. Este parámetro tomará un valor de 40 anos.

2. As empresas transportistas que desexen solicitar un incremento da vida residual das instalacións postas en servizo antes de 1998 por renovación e mellora deberán presentar antes do 1 de xullo de 2019 unha solicitude ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas na cal acheguen información auditada sobre o investimento en renovación e mellora de instalacións que obtivesen autorización de explotación con

anterioridade a 1998 imputada durante o período transcorrido desde o 1 de xaneiro do ano 2015 ata o 31 de decembro de 2018.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas resolverá logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Esta resolución non poñerá fin á vía administrativa e, en consecuencia, poderá ser obxecto de recurso de alzada ante a Secretaría de Estado de Enerxía, conforme o establecido nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico da administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A regulación prevista no artigo 9 do Real decreto 1047/2013, do 27 de decembro, para a extensión de vida útil das instalacións, non será de aplicación ás instalacións que obtiveron autorización de explotación antes de 1998 que se acollan ao incremento da vida residual por renovación e mellora de acordo coa presente disposición transitoria ata que a dita vida residual para o conxunto sexa nula. Unha vez lles resulte de aplicación a dita extensión de vida útil, para os efectos do cálculo do incremento da retribución de operación e mantemento de cada unha das instalacións que continúen en servizo, o cómputo dos anos comezará a realizar a partir do ano en que a vida residual para o conxunto de instalacións sexa nula.

4. Excepcionalmente e se, como consecuencia do recollido nos puntos anteriores, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas resolvese que o valor do incremento da vida residual das instalacións que obtiveron autorización antes de 1998 da empresa *i* en 31 de decembro de 2018, calculada de acordo coa expresión do punto 1 desta disposición transitoria, toma un valor maior de cero, o valor do investimento con dereito a retribución a cargo do sistema de todas as instalacións da empresa *i* postas en servizo con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1998 e que aínda se encontran en servizo en 31 de decembro do ano 2018, será recalculado a partir de 2020 de acordo coa seguinte expresión:

O valor $VI^{j, pre-1998}$ calcularase de acordo coa seguinte formulación:

$$VI^{j, pre-1998} = \frac{RI_{2019}^i \cdot VU_{pre-1998}^i}{1 + (VRA_{2019}^{j, pre-1998} \cdot TRF_{2019})} \text{ onde:}$$

$VI^{j, pre-1998}$ Valor do investimento con dereito a retribución a cargo do sistema de todas as instalacións da empresa *i* postas en servizo con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1998 e que aínda se encontran en servizo en 31 de decembro do ano 2020. O conxunto destas instalacións tratarase como se dunha única instalación *j* se tratase.

RI_{2019}^i Retribución ao investimento recoñecido á empresa transportista *i* o ano 2019 asociado a todas as instalacións postas en servizo con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1998 e que aínda se encontran en servizo o 31 de decembro do ano 2017.

TRF_{2019} É a taxa de retribución financeira aplicada para o cálculo da retribución do ano 2019 das instalacións de transporte de enerxía eléctrica.

$VRA_{2019}^{j, pre-1998}$ É a vida residual media ampliada en 31 de decembro do ano 2019 das instalacións da empresa *i* postas en servizo con anterioridade a 1998 e que aínda se encontran en servizo no ano 2017. Este valor calcularase de acordo coa seguinte expresión:

$$VRA_{2019}^{j, pre-1998} = VR_{2019}^{j, pre-1998} + \Delta VR_{pre-1998}^{i, 2015-2018} \text{ onde:}$$

$VR_{2019}^{j, pre-1998}$ Vida residual media en 31 de decembro do ano 2017 se non se producise o aumento da vida residual referido no punto 1 da presente disposición correspondente ás instalacións da empresa transportista *i* postas en servizo antes de 1998 e que aínda se encontran en servizo o ano 2017. Esta vida residual media non terá efectos no cálculo da retribución do ano 2019.

$\Delta VR_{pre-1998}^{i, 2015-2018}$ É o termo sinalado no punto 1.

Disposición transitoria segunda. *Distinción nos pagamentos de dereitos de extensión de acometidas aéreas e subterráneas.*

A modificación do artigo 25.1 do Real decreto 1048/2013, do 27 de decembro, prevista no punto cinco do artigo segundo deste real decreto, relativa á distinción entre acometidas subterráneas e aéreas, non será de aplicación ata que se aproben mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo os pagamentos regulados polos dereitos de extensión nos que se recolla a dita diferenciación.

Disposición transitoria terceira. *Plans de investimento anuais das empresas con menos de 100.000 clientes para os anos 2015-2016.*

Como consecuencia da supresión dos artigos 16.11 e 17.4 do Real decreto 1048/2013, do 27 de decembro, a obriga para as empresas con menos de 100.000 clientes de presentar plans de investimento con carácter anual será de aplicación para os plans de investimento que se vaian executar no ano 2017 e posteriores.

Estas empresas distribuidoras deberán presentar antes do 1 de xuño de 2017 un informe no cal se acredite o grao de cumprimento do plan de investimento executado os anos 2015 e 2016.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango en canto contradigan ou se opoñan ao disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica:*

Modifícase o punto 2 do artigo 108 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, que queda redactado como segue:

«2. Esta información será enviada, antes do 30 de xuño de cada ano, ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, o cal a comunicará á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Así mesmo, remitirase no mesmo prazo ao órgano competente da comunidade autónoma a información correspondente ao ámbito do seu territorio.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos.*

Introdúcese unha nova disposición adicional vixésima no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésima. *Referencias catastrais en Navarra e o País Vasco.*

Para os efectos previstos neste real decreto, considerarase que as instalacións situadas na Comunidade Autónoma do País Vasco ou na Comunidade Foral de Navarra se encontran nunha mesma referencia catastral, cando sexa idéntica a codificación establecida a continuación, en lugar de considerar os catorce primeiros díxitos aplicables no resto do territorio español:

a) Para o Territorio Histórico de Araba, a codificación correspondente ao municipio, ao polígono e á parcela.

b) Para o Territorio Histórico de Bizkaia, a codificación completa de nove díxitos.

c) Para o Territorio Histórico de Gipuzkoa, a codificación correspondente ao municipio, ao polígono e á parcela.

d) Para a Comunidade Foral de Navarra, a codificación correspondente ao municipio, ao polígono e á parcela.

Para acreditar o anterior, os titulares das instalacións subministrarán a referencia catastral dos inmobles en que se sitúen estas coa súa codificación completa, indicando a correspondencia de cada grupo de díxitos reflectidos (municipio, polígono, parcela, subparcela, unidade, díxitos de control, etc.).»

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de novembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo,
JOSÉ MANUEL SORIA LÓPEZ